



“Ahora xa velahí
vai, qué lindo regalo
é cantar un fillo e un pai”.

“Se vós sodes o pai meu
esperá que pr’aló vou,
outro tanto meu pai
teña coma min me deixou”.

“Eu ben sei que es bo rapaz,
tamén xa tés boa sona,
fostes roubar set’i medias
morder túa nai na cona”.

“Dirásm’as honestamente
non me dighas picardías,
has de cagar com’eu mexo,
set’anos con quince días”.

O día sinco de agosto do ano pasado, levantouse o valente de Bosghardín mui sedo, xughiu o carro e unha parella de boas vacas e marchou buscar unha carretada de trigo á serra. No chao do leñeiro encontrou ao costureiro que cos ollos tras dos espeghuelos lía o pródigo con moito afán. E díxolle:

- ¿Madrughaches a ler Antón?
- Sí, e con moita razón pois deixoume sen xuísio as noticias que trae hoxe o xornal.
- ¿Entonces que tal fará o que vin eu onte na misa?
- ¿E que viches?
- Pois case nada, que as fillas dos pobres non se diferencian das dos ricos nin as das aldeas das das capitales vai atrás sen sapatos que ghan a aquela pintura na cara e nas maos e hasta un ariel nas uñas dos dedos dos pés.
- Vai home de tan bon corasón, eso tamén lles fai falla para que te convenzas escoita: se se pintan que máis da, que haxa pecado no creas, fano de nesidá miñas pobres son tan feas.

Eu collino e deixeiño,
miña nai, tuven fortuna,
collino na restrebeira,
perdíno antr’a verdura.

Aparta, loureiro verde,
non me manches con la rama,
anqu’un amor m’olvidase,
otro m’quiere en el alma.